

INSPIRADORES

Xardíns de camelias

SINTE RÍAS BAIXAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



riásbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas


Diseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 413-2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Unha beleza inspiradora e máxica

XARDÍNS DE CAMELIAS **RÍAS BAIXAS**

As **Rías Baixas** son un inmenso xardín de camelias que ofrece a súa vistosidade no outono, inverno e primavera, acompañándonos en rúas, prazas, xardíns, pazos, castelos, mosteiros... Podemos dicir con orgullo que as preciosas camelias **xa son parte da nosa historia e da nosa cultura**. E é que as camelias son árbores ornamentais cuxa serena beleza sorprende a quen as contempla. **Orixinarias de Oriente, chegaron a Pontevedra no século XVII desde Portugal** e adaptáronse de forma extraordinaria grazas ás condicións de cultivo das Rías Baixas: solos acedos ben drenados con certo grao de humidade ambiental. Existen unhas **80 especies e 30.000 variedades diferentes**, segundo o seu tamaño, forma, cor, pétalos, follas etc. Convidámoste a contemplar de cerca a delicadeza destas flores e a atopar en cada unha delas esa beleza que resulta tan inspiradora e máxica.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



riasbaixas



ÍNDICE

Páx. **6 COSTA NORTE**

- 6 Pazo de Rubianes
- 7 Pazo do Cuadrante
- 8 Pazo Quínteiro da Cruz
- 8 Pazo de Lourizán
- 9 Outros emprazamentos

10 INTERIOR NORTE

- 10 Pazo de Oca
- 11 Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis
- 11 Pazo da Saleta

12 COSTA SUR

- 12 Castelo de Soutomaior
- 13 Pazo Torres de Agrelo
- 13 Parque do monte do Castro
- 14 Pazo-Museo Quiñones de León
- 14 Outros emprazamentos

15 INTERIOR SUR

- 15 Pazo do Barreiro



1 Pazo de Rubianes

VILAGARCÍA DE AROUSA

Este pazo do século XVIII está edificado sobre unha torre do século XV propiedade da familia Caamaño, fundadora de Vilagarcía de Arousa. Mantén a vocación agro-forestal desde tempos inmemoriais e o máis destacable é o seu xardín de estilo francés, no que sobresaen máis de sesenta variedades de camelias. Os seus xardíns, que contan con camelias de varias especies coma a sasanqua, a reticulata e a xapónica, foron galardoados coa Camelia de Ouro e a Camelia de Prata en varios certames do Concurso-Exposición Internacional da Camelia e están incluídos na Ruta da Camelia. Foi tamén nomeado Xardín de Excelencia Internacional.



MÁIS INFORMACIÓN

www.pazoderubianes.com

42°34'41"N 8°43'59"W

VISITAS: cita previa

Luns a venres, de 9:00 a 18:00 h

Xullo, agosto e setembro, de 9:00 a 15:00 h

VISITAS GUIADAS

Grupos reducidos ou individuais

Mércoles, xoves e venres, ás 11:00 h

Sábados, domingos e festivos, ás 11:30 h

Grupos de máis de 10 persoas

De luns a domingo de 9:00 a 19:00 h



2 Pazo do Cuadrante

VILANOVA DE AROUSA

O pazo do Cuadrante, coñecido por ser a casa natal do dramaturgo Ramón M.^ª del Valle Inclán, é un edificio de arquitectura tradicional tipo palaciano que actualmente alberga a casa-museo do escritor.

No seu xardín abundan as árbores de gran ramaxe, algunhas delas centenarias, entre as que destaca un grupo de vellas camelias xapónicas e sasanquas que crecen á sombra dun xigantesco e antiquísimo magnolio.



MÁIS INFORMACIÓN

www.museocuadrante.com

www.vilanovadearousa.com

42°33'44"N 8°49'41"W

VISITAS

De martes a domingo

Inverno, de 10:00 a 14:00 h e de 16:30 a 19:30 h

Verán, de 10:00 a 14:00 h e de 17:30 a 21:30 h

3 Pazo Quintero da Cruz

RIBADUMIA

Construído en 1790 na parroquia de Lois, é todo un exemplo da arquitectura neoclásica señorial galega. O seu terreo de ambientación romántica é do século XIX e ten unha extensión de 7 hectáreas. Nos seus xardíns, que están rodeados por viñedos de albariño e un bosque autóctono, reinan as máis de 1.500 variedades de camelias como a *assimilis*, *caudata*, *cuspidata*, *fluviatilis*, *nitidissima*, *granthamiana*, *sasanqua* ou a *sinensis*. Destacan sobre todo as especies xapónica, reticulada e higo, coas que conseguiron en varias ocasións a Camelia de Ouro no Concurso Internacional de Camelia.



MÁIS INFORMACIÓN

www.pazoquinterodacruz.es

42°31'49.19"N 8°43'45.19"W

VISITAS: cita previa

4 Pazo de Lourizán

PONTEVEDRA

Nos arredores da cidade de Pontevedra aséntase este magnífico exemplo de propiedade señorial de finais do século XIX, actualmente dedicado á investigación e a conservación forestal. Este pazo alberga un xardín de grande envergadura e calidade, con especies botánicas singulares coma un olmo holandés, unha avenida de magnolias ou unha metasequoia que só se coñecía en forma de fósil. No entanto, de todo o que as e os visitantes poden atopar neste xardín, o que máis sorprende son os antigos exemplares de camelia xapónica 'Alba Plena', que florecen de novembro a febreiro.



MÁIS INFORMACIÓN

info@cameliagalicia.com

42°24'34.9"N 8°39'52.9"W

VISITAS: cita previa



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas



Xardíns do Pazo da Deputación



Palacete das Mendoza



Pazo de Gandarón

Outros emprazamentos

No municipio de **Vilagarcía de Arousa** podemos atopar camelias en moitos dos seus pazos (coma o da **Golpelleira**) e practicamente en todas as súas rúas e prazas.

No centro de **Pontevedra**, os xardíns que rodean o pazo da **Deputación de Pontevedra** posúen máis de 30 arbustos de camelia xapónica con tons rosados que florecen ata finais de abril.

Tamén en **Pontevedra**, no xardín do **Palacete das Mendoza** (sede do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra) atópanse varios exemplares de antigas camelias xapónicas.

Ademais, son moitas as rúas e prazas da capital pontevedresa onde poderemos observar exemplares, algúns moi orixinais, de camelia: no xardín do **Liceo Casino da Caeira**, no pazo de **Gandarón** en **Salcedo**, na praza da **Ferrería**, na rúa da **Oliva** e no cemiterio de **San Mauro**.



5 Pazo de Oca

A ESTRADA

O pazo de Oca posúe varios tipos de xardíns de estilo barroco de excepcional calidade, feito que fixo que gañase o título do Versailles galego. Todos os seus detalles son destacables: o tratamento da auga, os estanques das barcas, as fontes, os muíños, os alxibes, as canalizacións etc. Todos eles dotan dunha gran vistosidade á propiedade. Entre os seus xardíns destacan os románticos, o xeométrico clásico, o labirinto, as grandes obras de topiaria, os escudos nobiliarios e de ordes militares, vexetais, o xardín hortícola, os cultivos de kiwi etc.

Conta cun exemplar de camelia reticulada 'Capitán Rawes' que foi considerada a máis antiga de Europa. Con 12 metros de altura e grandes flores vermellas, que florecen entre finais de febreiro e principios de abril, trátase sen dúbida da gran xoia das camelias das Rías Baixas. Ademais pódense ver 107 camelias de diferentes tamaños, así como cinco grandes conxuntos botánicos con 28 camelias de especies diferentes, 277 camelias brancas e outras 17 especies de camelia.



MÁIS INFORMACIÓN

www.fundacionmedinaceli.org
42º79'74.17"N 8º38'30.26"W

VISITAS

De novembro a marzo
de luns a domingo, de 9:00 a 18:30 h
De abril a outubro
de luns a domingo, de 9:00 a 20:30 h

VISITAS GUIADAS

Venres, sábado e domingo ás 11:00 h



6 Parque-Xardín Botánico

CALDAS DE REIS

O auxe das augas termais neste municipio propiciou, a partir do século XIX, o crecemento da alameda de Caldas de Reis e, posteriormente, do Parque-Xardín Botánico do municipio. Foi declarado Paraxe Pintoresca e Xardín Histórico e catalogado pola Xunta de Galicia como Ben de Interese Cultural. Actualmente conta cunha colección de plantas vivas seleccionadas, identificadas e rexistradas baixo criterios e métodos científicos. O conxunto constitúe unha das máis fermosas paraxes da provincia e nel pódense observar multitude de especies de camelias, así como de especies arbóreas exóticas.



MÁIS INFORMACIÓN

www.caldasdereis.com

42°60'34.62"N 8°64'14.85"W

VISITAS: visita libre

7 Pazo da Saleta

MEIS

En pleno corazón da comarca do Salnés atópase este bonito pazo onde conviven especies autóctonas con variedades orientais, australianas, neozelandesas, surafricanas, suramericanas etc. Ademais, posúe un dos xardíns botánicos privados máis importantes de España. Está integrado na Ruta da Camelia e forma parte de Lles Belles Maisons, unha exclusiva colección de casas particulares para eventos únicos.



MÁIS INFORMACIÓN

www.pazodelasaleta.com

42°51'93.75"N 8°71'68.72"W

VISITAS: cita previa



8 Castelo de Soutomaior

SOUTOMAIOR

Este castelo, centro da vida feudal galega no século XV, tivo diferentes usos ata converterse nunha residencia estival a finais do século XIX e, máis tarde, pasar a mans da Deputación de Pontevedra.

O seu terreo, de 25 hectáreas, contén un afamado xardín botánico con exemplares singulares que alcanzan tamaños inigualables: enormes sequoias e palmeiras, cedros do Líbano, castiñeiros milenarios, magnolios, abetos do norte e, por suposto, máis de medio milleiro de camelias monumentais, entre as que destaca a camelia xapónica de maior perímetro de España.

En 2012 obtivo o recoñecemento de Xardín de Excelencia Internacional outorgado pola Sociedade Internacional da Camelia, sendo o primeiro xardín de España en obter tal distinción.



MÁIS INFORMACIÓN

www.depo.es

www.turismoriasbaixas.com


42°32'96.32"N 8°56'79.23"W

VISITAS: visita libre ao xardín

9 Pazo Torres de Agrelo

REDONDELA

Trátase dunha edificación do século XIX construída sobre un antigo mosteiro franciscano. Destacan a súa decoración de época e os seus múltiples detalles coma armaduras ou esculturas repartidas por todo o pazo, así como os seus numerosos elementos decorativos do século XVII. O pazo Torres de Agrelo está rodeado por uns excepcionais xardíns con vistas á ría de Vigo, onde sobresaie un exemplar centenario de camelia sasanqua 'Barón de Soutelinho', con flores aromáticas consideradas as de maior tamaño de Europa.



MÁIS INFORMACIÓN

www.torresdeagrelo.com

42°29'18.78"N 8°60'04.87"W

VISITAS: non se pode visitar. Só hóspedes

10 Parque do monte do Castro

VIGO

O parque do Castro, situado no centro da cidade de Vigo, constitúe un excepcional xardín botánico. Conta con numerosas especies exóticas de gran tamaño e valor ornamental, ademais de vestixios dun xacemento castrexo que dá mostra de como foi a vida en Vigo nos séculos III e I a. C. As camelias, de orixe portuguesa na súa maioría, atópanse distribuídas en varias zonas do xardín, que ofrece unha gran panorámica da ría e do porto de Vigo.



MÁIS INFORMACIÓN

www.turismodevigo.org

42°23'22.35"N 8°72'61.95"W

VISITAS: visita libre

10 Pazo-Museo Quiñones de León

VIGO

A súa orixe remóntase ao antigo pazo de Lavandeira, construído ao redor de 1670. Tras ser propiedade de diferentes familias, en 1924 foi doado ao pobo de Vigo para ser convertido en museo e parque público.

En 1927 abriu ao público como museo municipal cunha das mellores pinacotecas de arte galega. Porén, se por algo destaca este pazo é polos seus xardíns con magníficos exemplares de camelia, ademais de por ter un precioso labirinto onde se atopa a Matusalén das camelias, o exemplar máis lonxevo de Galicia, con máis de 150 anos.



MÁS INFORMACIÓN

www.museodevigo.org

www.turismodevigo.org

42°21'43.75"N 8°72'74.86"W

VISITAS: visita libre

Outros emplacements

Vigo conta con numerosos lugares para gozar desta excelente flor que loita contra o tempo. Algúns exemplos son a **avenida das Camelias**, a **avenida de García Barbón**, a **rúa Marqués de Valladares**, os **xardíns da alameda** e o **monte da Guía**.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X ríasbaixas

INTERIOR SUR

11 Pazo do Barreiro

CRECENTE

Trátase dun pazo defensivo situado na ladeira dun monte, desde onde domina unha paisaxe de viñedos e aldeas. Con paredes de granito de grande espesor, ás laterais, unha balconada monumental, troneiras, un patio pechado, unha capela etc., este conxunto ten un claro carácter de baluarte estratéxico.



MÁIS INFORMACIÓN

www.pazodobarreiro.com

42°16'65.84"N 8°24'67.48"W

VISITAS: non se pode visitar. Só hóspedes





INSPIRADORES

Xardíns de camelias

SINTE RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700

